

## **PROGRAMA DE ORIENTACIÓN, ASESORAMENTO E INFORMACIÓN**

### **■ Obxecto.**

Ten por obxecto informar aos cidadáns sobre os distintos dereitos e recursos en materia de servizos sociais, así como orientar e asesorar as persoas e grupos afectados por problemáticas específicas, diagnosticar a situación e derivalos, se é necesario, aos servizos sociais de atención especializada.

A Lei Orgánica de Regulación do Tratamento Automatizado dos Datos de Caracter Persoal (5/1992 do 29 de outubro) establece a existencia dunha persoa como responsable da confidencialidade dos datos persoais sobre os que se estea traballando. O traballador social é o profesional adecuado para esta función -xa que é a persoa que fai de porta de entrada aos Servizos Sociais- o que non quer dicir que o resto do equipo non deba compartir a información que proceda en cada caso para garantir a mellor atención ao/á usuario/a.

### **■ Actuacións.**

- A información, orientación e asesoramento sobre os dereitos e recursos sociais existentes
- O estudo, avaliación e diagnóstico das demandas recibidas, así como a súa derivación cara os servizos sociais especializados cando a situación así o requira

### **■ Destinatarios/as.**

Individuos, grupos, organizacións e a comunidade en xeral.